BASES

III CONCURSO DE TRAXES MEDIEVAIS

Primeira

O Concello de Monforte de Lemos convoca o **III concurso de Traxes Medievais,** actividade que se realizará dentro do programa de actos da *XII Feira Medieval* o día **19 de abril de 2014.**

Segunda

O obxectivo deste concurso é premiar os mellores traxes medievais que luzan os participantes inscritos, e así incentivar os monfortinos e os visitantes á participación e á ambientación nos actos organizados con motivo da *Feira Medieval*.

Terceira

Para participar no concurso de traxes medievais é necesario inscribirse oficialmente. As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte do 1 ó 15 de abril, podendo inscribirse tamén o propio día 19 de abril no punto de información habilitado na Praza de España en horario de 11:00 a 13:00h.

Cuarta

As modalidades do **concurso de traxes** son as seguintes, entendendo por infantil ata os 12 anos:

Adultos	***- Individual***
	- Parellas (2 compoñentes)
	- Grupos (a partir de 5 compoñentes)
Infantil	***- Individual***
	- Parellas (2 compoñentes)
	- Grupos (a partir de 5 compoñentes)

Quinta

O/a participante vestiranse tendo en conta a temática medieval.

Sexta: PREMIOS

ADULTO

Individual	1º premio	75,00 €	2º premio	50,00 €
Parellas	1º premio	175,00 €	2º premio	125,00 €
Grupo	1º premio	275,00 €	2º premio	175,00 €

INFANTIL

Individual	1º premio	50,00 €	2º premio	25,00 €
Parellas	1º premio	100,00 €	2º premio	75,00 €
Grupo	1º premio	175,00 €	2º premio	125,00 €

Sétima

Os participantes no concurso concentraranse na Praza de España (a carón do Cruceiro) onde estará situado o xurado, ás 17:00h do sábado 19 de abril e de alí sairán en desfile por diferentes rúas monfortinas.

O persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do concurso calquera elemento que se considere perigoso (petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

Oitava

Os criterios a valorar por parte do xurado son os seguintes: os traxes realizados artesanalmente, a súa elaboración, a riqueza en complementos, a posta en escea e o seu rigor histórico, tamén se valorará a permanencia do participante co traxe posto durante os actos organizados durante a *Feira Medieval*, contribuíndo á animación do mercado coa súa presenza.

Novena

O xurado do concurso estará composto por persoas que traballen nas diferentes empresas contratadas para o desenvolvemento da Feira Medieval e representantes de asociacións e colectivos relacionados coa vida monfortina.

Décima

A decisión do xurado farase pública o mesmo día ás 19:00h. A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases expostas.

Décimo primeira

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, mediante vales para a compra no comercio local. Aos/ás gañadores/-as do concurso seralles requirida a seguinte documentación: declaración xurada de estar ao corrente coas contas públicas.

Décimo segunda

Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso- Administrativo de Lugo.

Décimo terceira

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.